COMPOSICIÓN E FORMACIÓN DOS EQUIPOS DE APRENDIZAXE COOPERATIVA

Xeralmente, os equipos de aprendizaxe cooperativa están formados por catro alumnos, máximo cinco. A composición dos equipos debe ser heteroxénea en xénero, etnia, intereses, capacidades, motivación, rendemento, autonomía,...)
Os **equipos de base** son aqueles que se manteñen estables ao longo dun tempo considerable e son o agrupamento básico do alumnado dun grupo clase. Son compatibles con outras equipos mais homoxéneos en momentos puntuais.

Para formar os equipos de base distribúese o alumnado de clase en 3 columnas:
.- Na columna dun extremo colócase a cuarta parte do alumnado, aqueles que son mais capaces de dar axuda, non necesariamente os que teñan un rendemento mais alto, senón os mais motivados, os mais capaces de ilusionar e animar aos demais.
.- Na columna do outro extremo colócase a cuarta parte do alumnado mais necesitado de axuda, os menos autónomos e os menos motivados.
.- Na columna central colócase a metade restante.

Os grupos fórmanse collendo un da columna da esquerda, outro da columna da dereita e dous da columna central. Procurarase ademais que se dea un equilibrio entre outras varibles: xénero, que non coincidan repetidores no mesmo equipo,...

Licenza de formación
Elena López Vara
Begoña Otero Riobó